

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL ARTEllando NO MARCO DOS PROGRAMAS EDUCATIVOS MUNICIPAIS 2016-2017

Actividades extraescolares intercentros. Concello de Ferrol

Primeira. Obxecto da convocatoria

1.1.- A presente convocatoria ten por obxecto a selección de alumnado matriculado nos centros de ensino do Concello de Ferrol, públicos e concertados (CEIP e CPR) ou empadroados en Ferrol aínda que non estén matriculados en centros de Ferrol, de diferentes niveis educativos, que participen no programa educativo municipal ARTEllando.

1.2 - Convócanse a relación por obradoiro, nº de prazas e curso ao que van dirixidos, que de seguido se detallan:

OBRADOIROS	LUGAR DE CELEBRACIÓN	ALUMNADO DESTINATARIO	Nº MAX. DE PRAZAS POR ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO
Fotografía	Nas rúas de Ferrol e na sala de ordenadores da Biblioteca municipal central	1º,2º,3º,4º,5ºe 6º E.Primaria	24 (12/grupo)	Venres: Outubro (7,14, 21 e 28) Novembro (4,11,18 e 25)	Grupo 1: 16:30 a 18:00 Grupo 2: 18:00 a 19:30
Teatro	Edificio Municipal do antigo Hospicio	1º,2º,3º,4º,5ºe 6º E.Primaria	12 (1 grupo)	Venres: Outubro (7,14, 21 e 28) Novembro (4,11,18 e 25)	Grupo único: 17:00 a 18:30
Cociña fría	Centro Torrente Ballester	1º,2º,3º,4º,5ºe 6º E.Primaria	24 (12/grupo)	Venres: Outubro (7,14, 21 e 28) Novembro (4,11,18 e 25)	Grupo 1: 17:00 a 18:30 Grupo 2: 18:30 a 20:00
FERROL, NATURALmente!	Polas parroquias do Concello de Ferrol e no Museo da Natureza	4º,5ºe 6º E.Primaria	24 (1 grupo)	Sábados: Outubro (8,15,22 e 29) Novembro (5,12,19 e 26)	Grupo único: 10:00 a 13:00

FORMADO FAVORABLEMENTE
A TÉCNICA DE EDUCACIÓN
Felipe Souto
Ferrol, 24 AGO. 2016

Ximnasia Rítmica	CEIP Juan de Lángara	1º,2º,3º,4º,5ºe 6º E.Primaria	24 (2 grupos)	Venres: Outubro (7,14, 21 e 28) Novembro (4,11,18 e 25)	Grupos 1 e 2: 16:00 a 17:30
Baile Moderno	CEIP Juan de Lángara	1º,2º,3º,4º,5ºe6º E.Primaria	24 (2 grupos)	Venres: Outubro (7,14, 21 e 28) Novembro (4,11,18 e 25)	Grupos 1 e 2: 17:30 a 19:00

1. 3.- Estas actividades, por ser promovidas e pagadas polo Concello de Ferrol- Concellería de Educación, son de carácter gratuito para o alumnado participante.

Segunda.- Destinatarios

Poderá participar nesta convocatoria todo o alumnado empadroadado no Concello de Ferrol ou matriculado nos centros de ensino do Concello de Ferrol, e que cumpran os requisitos que para cada obradoiro se recollen nesta convocatoria e que se atopen cursando actualmente 1º, 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º de Educación Primaria.

Terceiro.-Desenvolvemento do programa

3.1.-O número de alumnado participante será o que se detalla no cadro do punto 1.2., distribuídos para cada actividade en obradoiros dun máximo de 12 alumnas/os cada un, agás no caso de FERROL, NATURALmente! que será de 24 alumnas/os.

3.2.- Os obradoiros desenvolveranse en venres, nos meses de outubro e novembro de 2016, agás no caso de FERROL, NATURALmente! que será os sábados.

3.3.-**As faltas de asistencia** aos obradoiros deberán quedar perfectamente xustificadas no prazo de catro días dende que se produce a falta mediante fax (nº 981945110) ou persoalmente no negociado de Educación do Concello. Non se admitirán fóra deste prazo ningunha xustificación.

No caso de producirse máis dunha falta sen xustificar no desenvolvemento do obradoiro, causará baixa a/o alumna/o en cuestión e pasarase a ofertar a praza vacante entre o alumnado da lista de agarda.

3.4.- A efectos de xustificación consideraranse algunha das seguintes circunstancias e emisores da xustificación:

- Enfermidade:informe médico.
- Requisito de asistencia a actividade do centro de ensino (excursión, saída estudos, exame...): informe da dirección do centro.
- Con carácter excepcional estudaranse outros casos de difícil xustificación.

Cuarta.-

Solicitudes e documentación

INFORMADO FAVORABLEMENTE
 A TÉCNICA DE EDUCACIÓN
 Ferrol, 24 AGO. 2016

4.1.- As solicitudes formalizaranse mediante instancia dirixida ao alcalde do Concello de Ferrol, conforme aos modelos que figura no Anexo I, e presentaranse directamente no Rexistro Xeral do Concello. Deberá presentarse unha soa solicitude por cada alumna/o solicitante dos obradoiros ofertados, aínda que se solicite máis de un obradoiro, indicando a orde de preferencia tanto no obradoiro como no horario do grupo (1 o de maior interese, 2 ou seguinte e así sucesivamente). A organización dos grupos estará en función das solicitudes presentadas.

4.2 -As solicitudes estarán asinadas pola nai, pai ou titor/a legal da/o alumna/o.

Quinta.- Prazo de presentación

5.1.- O prazo de presentación das solicitudes será do 1 ao 15 de setembro de 2016, ambos inclusive.

5.2.- O día 27 de setembro de 2016, publicaranse as listas provisionais de admitidas/os e de excluídas/os no taboleiro de editos do Concello e na páxina web da Concellería de Educación (<http://www.ferrol.es/educacion>)

Sexta.- Adxudicación de prazas.

6.1.- A selección de participantes será mediante a orde de presentación das solicitudes por rigoroso orden de entrada no Rexistro Xeral do Concello ou doutro organismo oficial (neste último caso deberá comunicarse no mesmo día ó negociado de Educación mediante correo electrónico a educacion@ferrol.es ou por fax ó número: **981945110**).

6.2.- Poderase conceder unha segunda actividade das solicitadas cando queden prazas vacantes e exista compatibilidade horaria entre elas, outorgándose tamén por orde de presentación de solicitude.

Sétima.-Confirmación das prazas e renuncia

7.1.-As/os adxudicatarias/os deberán confirmar a praza entre os días 29 e 30 de setembro de 2016, por algún dos seguintes medios: no **Negociado de Educación** do Concello, mediante correo electrónico a educacion@ferrol.es ou por fax ó número: **981945110**.

7.2.- Se transcorrido o prazo indicado anteriormente non se confirmase a praza, considerarase que se renuncia a ela e pasará a adxudicarse ao correspondente alumnado suplente, ao que se lle notificará ao teléfono ou correo electrónico que figure na solicitude o luns día 3 de outubro.

7.3.- A confirmación da praza conlevará a aceptación, por parte dos pais/nais ou tutores/as das condicións desta convocatoria.

O inicio de cada obradoiro será segundo se detalla no cadro do punto 1.2.

Oitava.- Obrigacións dos/as adxudicatarios/as.

8.1.-. O alumnado adxudicatario das prazas terán as seguintes obrigas: Asistencia regular, implicación, participación e interese pola actividade.

Ferrol, 23 de agosto de 2016

O concelleiro delegado da Área de Cultura e Educación,

Asdo. Jesús Basterrechea López

INFORMADO FAVORABLEMENTE
A TÉCNICA DE EDUCACIÓN
24 Ago. 2016
Ferrol

